

E AGORA ¿QUE?

Buenaventura Aparicio Casado

Trascorridos vinte e cinco anos ao lector, e a nós mesmos, como reflexión pode ocorrerse-lle unha pregunta: ¿que sobrevive daquela fermosa ilusión? Nós responderíamos que case todo. Os nenos e os estudantes fixéronse adultos. Hoxe exercen diversas profesións. Hainos operarios, restauradores, enxeñeiros... Endexamais esqueceron a Arqueoloxía.

Os maiores imos paseniñamente camiño da xubilación. Mais, entrementes o corpo aguante, imos continuar atentos a calquera nova que teña que ver coa nosa afección: estudo de gravados rupestres, visitas a escavacións, excursións e viaxes a lugares con xacementos relevantes, etc. Algúns membros seguen a publicar, imparten conferencias e asisten a diversos eventos científicos. Ramón Patiño prosegue coa Sección de Actividades Subacuáticas; Antonio de la Peña, José Carlos Pascual e o autor destas liñas andan ocupados no estudo dos petróglifos da área xeográfica bañada polos ríos Verdugo e Oitavén.

Ao abeiro da creación dunha fundación para o desenvolvemento e promoción da comarca do Alto Ver-

dugo –actualmente en trámite de constitución–, estanse a deseñar as bases dun ambicioso proxecto de posta en valor do patrimonio arqueolóxico, artístico e etnográfico desta zona. Este proxecto contempla, como primeiro paso, a creación do Grupo de Investigación Arqueolóxica e Etnográfica “A Laxe da Irena” –irmán menor do Grupo “Alfredo García Alén”–, como núcleo artellador e impulsor dunha serie de estudos e actuacións tendentes a dinamizar cultural e economicamente a citada zona (integrada polos concellos da Lama, Ponte Caldelas e Fornelos de Montes).

Somos plenamente conscientes de que a implicación dos diversos concellos neste proxecto é unha cuestión aleatoria, dependente do talante dos rexedores municipais, das urxencias electorais, dos limitados recursos económicos, da altura de miras, etc. Non ha ser doado superar a tacha que afecta a actuación política a todos os niveis –estatal, autonómico e municipal–, asentada no curto prazo e condicionada polos ritmos que marcan as eleccións. Sen esquecermos os personalismos. Unha programación a catro anos só



Xuntanza en Santa Tegra, 2001

permite abordar as urxencias e obriga a realizar actuacións moi rechamantes –que non son sempre as máis necesarias– para acadar rendibilidade electoral. A ninguén se lle escapa que un labor político, centrado no ben público, ten que ter un proxecto repartido no curto, medio e longo prazo.

A Lei de Patrimonio debe ser urxentemente reformada, outorgándolles maiores competencias aos concellos. Se non nos satisfacía a total dependencia da Administración estatal, tampouco nos agrada un centralismo xunteiro. Á Xunta compételle o labor de control e supervisión, pero as tarefas que non impliquen escavación ou cambios substanciais –coma limpeza, peche, mantemento ou sinalización– poden e deben ser atribucións dos concellos.

Cos pés na terra –temos certa experiencia– asumimos que todo pode acabar coma pompas de xabón. Mais se falla o programado –Rhett Butler dixit: “I don’t give a damn”–, irémonos tranquilamente á nosa casa. Sempre nos han quedar –ademais de París– petróglifos por descubrir, libros por ler, amigos cos que parolar e algún soño por realizar.

O engado, a fascinación pola Arqueoloxía ha permanecer indelével. Os “afeccionados” a esta actividade –rendémoslle acatamento con este cualificativo aos “puristas”– coma os vellos rockeros, nunca morren, e se morren han ser, máis que ninguén –por razóns obvias–, po namorado.